

Análise e comentario de “Táboa nº 1” (Piet Mondrian)

Datos técnicos da obra.

Cronoloxía: 1919

Autor: Piet Mondrian

Estilo: pintura abstracta (abstracción xeométrica)

Contexto histórico-artístico da obra

A arte abstracta comezou a tomar forma coas primeiras obras de Kandinsky cara 1910. Consistía en “abstraerse” dos elementos visibles da natureza, o que levaba á liberdade absoluta na elección das cores e no motivo a desenvolver sobre o lenzo.

Nun primeiro momento, chamouse “abstracción lírica” ou cromática e estivo representada polo propio pintor ruso e Paul Klee. A partir de 1913 a Abstracción pasou a denominarse “abstracción xeométrica” e estivo encabezada por Malevich e por Mondrian. En ámbalas dúas correntes son inexistentes as representacións da realidade e o interese céntrase en experimentos sobre a cor e a composición.

Piet Mondrian (1872-1944) foi un artista holandés que fundou un movemento estético chamado Neoplasticismo, dentro da abstracción xeométrica. Tamén fundou a revista “De Stijl”, O Estilo, que foi o medio de expresión e difusión de dito movemento.

Esta tendencia busca liberar a arte de todo o accesorio para chegar á “arte pura”.

Mondrian creou unha nova linguaxe para os seus lenzos, aos que chamou Composicións. Estes caracterízanse por representar formas xeométricas básicas, como o cadrado e o rectángulo, e por utilizar as chamadas “anticores” (branco, negro e gris), e as cores primarias (Vermello, amarelo e azul), ás que consideraba as cores elementais. Mediante a utilización das formas xeométricas e as cores elementais pretendía chegar a representar a esencia do universo.

Análise formal da obra.

Piet Mondrian dá-lle un significado a todo o que pintaba, como na obra presente. A arte de Mondrian está ligada á filosofía, xa que el buscaba nas súas composicións a retícula cósmica, que a conseguía mediante a unión do branco e das liñas negras. Mondrian propuxo unha nova ordenación xeométrica do mundo en contra da irracionalidade destructora da I Guerra Mundial. O autor tendía sempre á máxima redución dos elementos integrantes da obra, convertindo as liñas verticais e horizontais e as tres cores elementais (azul, vermello e amarelo) en todo o necesario para elaborar os seus lenzos. Caracterízase, polo tanto, pola elementalidade, a racionalidade e a funcionalidade das formas.

A liña recta era para Mondrian a que mellor representaba a arte, xa que se desvinculaba da figuración para facer abstracción xeométrica. A arte, segundo el, era como a indagación da realidade, non unha plasmación da mesma. Ao igual que a liña, as cores primarias son o básico. Mondrian escapa de texturas e sensacións, polo que sempre utiliza as cores primarias.

Outra característica esencial da súa pintura é a simplicidade. Aparentemente, as súas composicións son sinxelas, pero son o resultado de moitos anos de experimentación e dunha profunda análise filosófica da vida e da arte.

